

CONSIDERACIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO DE SAF DO COTSG ANTE A ORGANIZACIÓN DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN COVID -19

A **organización da campaña de vacinación** ante a COVID-19 resulta obrigatoria, sobre todo se falamos dun sector destas características.

O **Servizo de Axuda no Fogar** é considerado un servizo esencial, que ten *por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.*

O SAF demostrou, como xa era coñecido antes da pandemia, ser un recurso básico e imprescindible na atención ás persoas, servindo, neste caso de crise, de soporte para todas aquelas situacións que carecían doutro recurso axeitado.

Por unha banda, tendo en conta a finalidade e obxectivos deste servizo, ademáis da situación sociosanitaria que estamos a vivir, considérase que a vacinación **de todo o persoal** do Servizo de Axuda no Fogar debería de ser prioritaria. **O persoal**, tanto auxiliar como técnico, **e as persoas usuarias** están en exposición directa ao contaxio, ben sexa pola atención diaria prestada (atencións de carácter persoal como aseo, mobilizacións...etc) como polas intervencións técnicas realizadas (visitas de alta, visitas de seguimento, visitas por incidencias...etc).

Por outra banda, cabe destacar a **probabilidade de padecer efectos secundarios trala administración da vacina**, efectos que poden repercutir na saúde física a curto prazo e conlevar dificultades para executar o traballo habitual nos días posteriores á súa administración. Neste senso, reclamáse a organización da campaña tendo en conta esta circunstancia.

Á vista do anterior, este grupo de traballo quere **trasladar ás seguintes eivas detectadas na organización**:

- Na maioría dos casos, non se garante nin un mínimo de 24 horas de antelación da citación.
- Existe necesidade de desprazamentos aos hospitais comarcais de referencia.
- Obsérvanse citacións sen criterio aparente e/ou inamovibles.
- Non ter un preaviso significa unha gran carga de traballo para os equipos de coordinación, mobilizando todos os recursos posibles para garantir ás persoas traballadoras citadas os seus dereitos sen olvidarnos dos dereitos das persoas beneficiarias do servizo.

- Citar a todo o persoal do servizo sen algún tipo de criterio significa unha paralización do mesmo. Se se cita a todo o persoal ás mesmas horas, nos mesmos días, non queda persoal dispoñible que garanta a cobertura do mesmo.
- Segundo as localizacións xeográficas, desprazar ao persoal pode significar, no peor dos casos, dúas horas de desprazamentos (máis os atrasos que poidan ocasionar as esperas) o que supón perder varias horas de traballo efectivo.
- Non poder cambiar as citas ou adaptar os horarios significa complicacións á hora de cubrir os servizos.

Por todo o anteriormente exposto, achegamos as nosas **CONSIDERACIÓNS** para ter en conta nas prioridades e na organización da campaña:

- Manter o SAF como **servizo prioritario** de vacinación (todo o persoal)
- Citar cunha antelación mínima de 24 horas para garantir o correcto funcionamento do servizo.
- Non citar a todo o persoal do mesmo servizo no mesmo día.
- Realizar as vacinacións nos centros de saúde ou local de referencia do Servizo para permitir a proximidade e reducir os tempos de desprazamento
- Establecer unha **coordinación** previa entre a Consellería de Política Social e os Equipos de Coordinación do SAF.
- Elaborar un **protocolo específico para o SAF**, tal e como foi elaborado para os centros residenciais:
 - Creando tamén no SERGAS a **figura provincial de coordinación para este ámbito de actuación**.
 - Realizando o control sanitario correspondente (PCR) en novos contratos para o inicio dos servizos.
 - Coordinación e seguimento da vacinación para garantir unha protección completa das plantillas de persoal (persoal traballador antigo e novas incorporacións) e das persoas usuarias.

Grupo de Traballo de SAF do COTSG